



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G010/000009
Sesión núm. 09/2023-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

A nova Corporación resultante das Eleccións Locais celebradas o día 28 de maio do 2023 debe constituírse o vindeiro día 17 de xuño, de conformidade co disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, e artigo 37 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

A data da sesión constitutiva vén predeterminada por ministerio da Lei, segundo as ditas disposicións; non obstante, cómpre establecer a hora na que a dita sesión deba celebrarse.

Logo do exposto, en uso das atribucións que á Alcaldía lle confiren as disposicións vixentes, e na miña calidade de alcaldesa en funcións,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar ás persoas candidatas proclamadas electas nas pasadas Eleccións Locais do 28 de maio do 2023 á sesión constitutiva da nova Corporación, que se realizará nas data, hora e lugar que a continuación se indican:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 17 de xuño do 2023
Convocatoria: Constitutiva	Hora: 12.00
	Lugar: Salón dos Plenos da Casa do Concello

SEGUNDO: Dar traslado desta Resolución ás persoas candidatas proclamadas electas.

Documento asinado dixitalmente pola alcaldesa en funcións, María Nogareda Marzoa, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 14 de xuño do 2023.